



## **“Realización de estudos para a adaptación ó Espacio Europeo de Educación Superior en Titulacións do Sistema Universitario de Galicia”**

### **1.- Introducción:**

A sinatura da Declaración de Bolonia (1999) inicia o proceso de creación do Espacio Europeo de Educación Superior, promovendo a converxencia entre os distintos sistemas antes do ano 2010.

A converxencia estrutúrase a través de tres fins fundamentais: a adopción dun sistema comparable de titulacións baseado en dous ciclos, o establecemento dun sistema de créditos como o ECTS e a implantación do Suplemento ó Título.

Esto vai esixir un esforzo moi grande de información e formación do profesorado á vez que de xestión de todo o proceso no que se verá fortemente afectada toda a comunidade universitaria.

### **2.- Obxectivos:**

- Dar a coñecer ó conxunto da comunidade universitaria a terminoloxía e os principios básicos do espacio europeo de educación superior, en particular o sistema de créditos ECTS e o Suplemento Europeo ó Título.
- Formar ós responsables directos da súa implantación (profesorado e PAS fundamentalmente).

Para cada titulación:

- ♣ Coñece-la oferta e demanda da titulación no Sistema Universitario de Galicia e a súa relación co conxunto do Sistema Universitario Español, Europeo e Mundial.
- ♣ Analiza-la disparidade de contidos nos actuais plans de estudos de cada titulación.
- ♣ Establece-los contidos mínimos que definen a titulación cubrindo a lo menos o 70% do seu plan de estudos.
- ♣ Establece-las materias complementarias que debería incluí-la titulación.
- ♣ Implicación dos Colexios e Asociacións Profesionais e demais axentes sociais relacionados coa titulación.

### 3.- Condicións de participación:

- ♣ Titulacións ofertadas no Sistema Universitario de Galicia.
- ♣ Terán prioridade as titulacións do Sistema Universitario de Galicia ofertadas en mais dunha das nosas universidades que se comprometan a realiza-lo proxecto en común. Será imprescindible a participación de tódalas universidades galegas que impartan a titulación ofertada.
- ♣ Conseguir implicar a mais do 50% das universidades do Sistema Universitario Estatal que impartan a titulación ofertada.

### 4.- Plans de traballo:

- ♣ Constitución do grupo de coordinación: Tres Vicerrectores das nosas Universidades, un por cada Universidade, un experto en temas de acreditación e un experto no Espacio Europeo de Educación Superior. (Actividade 1)
- ♣ Definición dos grupos de traballo por titulacións (Decanos ...). (Actividade 2)
- ♣ Elaboración de documentos de traballo/titulación. (Actividade 3)
  - Diseña-lo material divulgativo (folletos, glosario de termos, etc.) e establece-la metodoloxía e os programas formativos axeitados para a súa difusión ós distintos colectivos implicados.
- ♣ Presentación dos documentos elaborados á comunidade da titulación. (Actividade 4)
- ♣ Propostas para a converxencia. (Actividade 5)
- ♣ Elevación da proposta a outras titulacións non partícipes directamente no proceso para amplia-lo foro de difusión. (Actividade 6)
- ♣ Realización de xornadas específicas de formación sobre o espacio europeo de formación superior, cubrindo entre outros aspectos: (Actividade 7)
  - Sistemas de créditos ECTS.
  - Suplemento Europeo ó Título.
  - Cambios na metodoloxía docente do profesorado.

### 5.- Orzamento:

- ♣ 10.000 • para a presente convocatoria
- ♣ 10.000 • para a convocatoria 2004.

### 6.- Destino da axuda:

As actividades a cubrir coa axuda aportada pola ACSUG serían:


- ♣ Gastos derivados das reunións necesarias dos grupos de traballo (viaxes, dietas, aloxamento, etc.).
- ♣ Elaboración de documentación.
- ♣ Persoal de apoio.

## 7.- Compromiso das universidades do Sistema Universitario de Galicia:

- ♣ Apoio institucional ás titulacións analizadas.
- ♣ Aportar persoal administrativo ós procesos.
- ♣ Divulga-las actividades realizadas neste ámbito.
- ♣ Facilita-los medios técnicos necesarios para xuntanzas, xornadas, etc.

## 8.- Tempo de execución:

- ♣ Nove meses:
  - Actividade 1 ..... ½ mes
  - Actividade 2 ..... 1 mes
  - Actividade 3 ..... 3 meses
  - Actividade 4 ..... distribuída
  - Actividade 5 ..... 2 meses
  - Actividade 6 ..... 2 ½ meses
  - Actividade 7 ..... distribuída



## 9.- Titulacións:

- ♣ 1-3 titulacións/ámbito.
- ♣ Condicións: Non aproveitar outras axudas para este mesmo obxectivo.